

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 20 DE DECEMBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:05 horas do día 20 de decembro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 18 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D. José Ángel Otero Lamas como vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 7b, 7c, 8b, 8c e 9)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira" (20.174-240)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do día 13, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA.

O licitador presentou a documentación dentro do prazo concedido, da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 18 de decembro de 2018 o xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe "*Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da LCSP para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato*".

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento de CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:30	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84C-5C5144-39C645-8Q7J22-HWW1GD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do día 13, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. SIELVIGO
4. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Durante o prazo concedido, ningún dos licitadores presentou documentación.

Tendo en conta o anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. SIELVIGO
4. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

c) Procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 14 de decembro de 2018, en cumprimento do acordado na sesión do día 13, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
2. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Durante o prazo concedido, ningún dos licitadores presentou documentación.

Tendo en conta o anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
2. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "cubrición da pista deportiva do centro cultural Becerreira" (20.174-240) (informe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:30	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84C-5C5144-39C645-8Q7J22-HWW1GD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sobre C)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Municipal o 20 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" con proposta de clasificación coa seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	100,00
1	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.	100,00
3	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	99,93
4	SITEXCA 2016, S.L.	99,80
5	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	99,28
6	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	98,50
7	CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, SOCIEDAD LIMITADA	93,81
8	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	89,84
9	ORECO, S.A.	85,53
10	OBRAS Y SERVICIOS GOMEZ CRESPO, S.L.	83,03
11	UTE EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. - PROYECTOS Y CONTRATAS COVELO	66,95
12	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	45,18

Á vista do resultado da valoración no que se produce un empate entre as dúas empresas con mellor puntuación haberá que estar ao previsto na cláusula 16.5 do PCAP:

"Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.

En segundo lugar, a favor da oferta que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliables mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 7.A das FEC, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde na que se relacionen na cláusula 7.A das FEC.

De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorrese en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147.1 da LCSP segundo a orde que nel se establece".

En aplicación do anterior, o empate resolverase:

- En primeiro lugar, a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:30	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84C-5C5144-39C645-8Q7J22-HWW1GD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorrese en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

- Se continuase o empate, aplicarase o criterio de desempate previsto no artigo 147.1e) da LCSP ("*Proposiciones presentadas por las empresas que, al vencimiento del plazo de presentación de ofertas, incluyan medidas de carácter social y laboral que favorezcan la igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres*").

En consecuencia, a Mesa acorda por unanimidade:

1. Aceptar o anterior informe.
2. Conceder un prazo de tres días a SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L. e INGENIERÍA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L. para que poidan acreditar as circunstancias indicadas pola Mesa de Contratación de acordo co previsto na cláusula 16.5 do PCAP e no artigo 147.1e) da LCSP co obxecto de resolver o empate producido no prezo.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 20 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

c) Procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e o xefe da Área de Investimentos o 20 de decembro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:30	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84C-5C5144-39C645-8Q7J22-HWW1GD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 5 de decembro de 2018 polo que non se admite no procedemento a EXPLOTACIÓNS MEDIOAMBIENTAIS, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos nas cláusulas 13 e 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións.

Segundo.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha en prazo:

1. INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.
2. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
3. SIELVIGO
4. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de humanización da rúa Travesía Escolas Públicas (122-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L.	100,00
2	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	99,69
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	99,58
4	SITEXCA 2016, S.L.	99,25
5	ELSAMEX, S.A.	99,19
6	INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES PIÑEIRO, S.L.	98,98
7	SODEIN SOLUCIONES INTEGRALES, S.L.	98,73
8	NAROM, S.L.	98,50
9	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACION Y VIALES, S.L.	97,34
10	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	96,19
11	LOPEZ y LEIS, S.A	95,00
12	CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA	93,98
13	SESTRAMA IBERICA, S.L.	93,22
14	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	91,33
15	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	89,45
16	PROYECON GALICIA, S.A.	85,19
17	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	78,81
18	ORECO, S.A.	57,87
19	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	13,87



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:30	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84C-5C5144-39C645-8Q7J22-HWW1GD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, MONTAJES J. M. IGLESIAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non ter presentado xustificación ningunha en prazo:

1. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
2. FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación por das obras do proxecto construtivo de beirarrúas na rúa Mantelas (119-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	100,00
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	99,91
3	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	99,80
4	MONTAJES J M IGLESIAS, S.L.	99,71
5	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	99,56
6	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	99,42
7	NAROM, S.L.	98,50
8	ELSAMEX, S.A.	97,53
9	COPCISA, S.A.	94,09
10	UTE EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. - CONSTRUCCIONES ALEA SOCIEDAD LIMITADA	90,40
11	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A.	89,89
12	PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	69,35
13	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	62,85
14	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	57,88
15	ORECO, S.A.	52,76



Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 23/04/2024 12:30	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA84C-5C5144-39C645-8Q7J22-HWW1GD-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		